

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP CASTRO DE OURO
CURSO: 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS
DEPARTAMENTO:
DATA: 10 / 5 /2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 6	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación. CMCT // CAA
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións). CMCT // CAA
B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso. CMCT // CAA // CCL // CSIEE
B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos. CMCT
B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo. CMCT
B5.3. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.	MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio. CMCT

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Observación, análise valoración e corrección das tarefas.</p> <p>Valorarase o interese polo traballo do alumnado a través do rexistro de tarefas realizadas en prazo e forma, sempre baixo o criterio de flexibilidade.</p> <p>Valorarase a calidade das tarefas persoais do alumnado, poñendo especial énfase na presentación e limpeza, expresión escrita e na comprensión dos contidos. Para facer a achegas das mesmas usarán as tecnoloxías da información de da comunicación: correos electrónicos, mensaxería instantánea...</p> <p>O alumnado cunha cualificación negativa na 1ª e 2ª avaliación, realizará as tarefas propostas e, se é o caso, algunha máis a maiores para intentar reforzar e afianzar os contidos xa traballados nas anteriores avaliacións.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Escalas de valoración para o rexistro de tarefas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Para avaliar a 3ª avaliación realizarase unha media aritmética entre as cualificacións da 1ª e 2ª avaliación. Os traballos da 3ª avaliación serven para manter a nota da media das dúas avaliacións anteriores ou para sumar como máximo un 20% sobre a nota media das dúas avaliacións presenciais.</p> <p>A nota final será o resultado da media aritmética das 3 avaliacións.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non se pode aprobar a materia coas dúas primeiras avaliacións pendentes tendoe a materia suspensa do curso anterior.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Realización de exercicios de repaso e recuperación.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Observación, análise valoración e corrección das tarefas.</p> <p>Escalas de valoración para o rexistro de tarefas.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Realizáronse actividades de reforzo e repaso da 1ª e 2ª avaliación e tamén actividades ampliación de contidos da 3ª avaliación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Metodoloxía empregada: Flexibilización dos plans de traballo coidando de non penalizar ou afectar o benestar do alumnado e para non sobrecargalo de tarefas excesivas. A forma de acceder as aprendizaxes e competencias será a través de tarefas de repaso, reforzo e ampliación de contidos. Actividades que favorezan no alumnado as labores de comprensión, expresión e redacción propia tendo en conta as normas ortográficas. Atención á diversidade do alumnado, planificando actividades que permitan distintas actuacións para responder ás diversas situacións que presenten os alumnos.</p> <p>A proposta de actividades foi semanalmente/quincenalmente. Estas actividades fixéronse chegar por diferentes medios para que todas as familias puideran recibilas.</p> <p>O alumnado con conectividade puido recibilas por correo electrónico e/ou por mensaxería instantánea.</p> <p>O alumnado sen conectividade puido recibilas mediante o concello, que puxo a disposición do alumnado do centro o wifi e a impresión de material. No caso de alumnado desconectado, facemos un seguimento individualizado, poñéndonos en contacto a través de chamadas telefónicas.</p>
Materiais e recursos	Utilizáronse fichas e a realización actividades online de snappet a través do ordenador

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	As familias e alumnado pode contactar coa mestra mediante correo electrónico, mensaxería instantánea e por chamadas telefónicas.
Publicidade	Mostraráselles ás familias as adaptacións das programacións mediante a web do centro.